

XXI LIGA GALEGA RAID DE ORIENTACIÓN 2025

NORMAS ANUAIS FEGADO

(En marrón, cambios aprobados na Asemblea Xeral Técnica de 30 de novembro e Asemblea Xeral de 14 de decembro de 2024)

CALENDARIO 2025

NÚM.	DATA	ORGANIZADOR	LUGAR	TIPO	OBSERVACIÓNS
1	12/4	Marmar/Xesta	Bergondo	Race	C. G.
2	10-11/5	Aromon	Caldas de Reis	24H	Cpto de España

Información

Na web de FEGADO: <http://fegado.es>
Nas webs oficiais de cada proba.

ÍNDICE

ARTIGO 2. Regulamentos	2
ARTIGO 3. Normas Anuais	2
ARTIGO 4. Formato de equipo.....	2
ARTIGO 5. Compoñentes e nome de equipo	3
ARTIGO 6. Control de material obrigado.....	4
ARTIGO 7. Clasificación xeral da Liga (<i>RANKING GALEGO</i>).....	4
ARTIGO 8. Clasificacións parciais nas probas e cómputo do <i>ranking</i>	6
ARTIGO 9. Xurado Técnico	7
ARTIGO 10. Organizadores	7
ARTIGO 11. Inscripción	8
ARTIGO 12. Custo en probas dun día.....	8
ARTIGO 13. Custo en probas de dous días	8
ARTIGO 14. Campionato Xunta de Galicia (antigo Campionato Galego)	8
ARTIGO 15. Campión Galego.....	8
ARTIGO 16. Suspensión de probas	9
Disposición adicional primeira.....	9
Disposición adicional segunda. Ranking Galego 2025	9
ANEXO 1. MARCO NORMATIVO SOBRE AUTORIZACIONES	10
ANEXO 2. MODELO MEMORIA PRUEBA (A ADJUNTAR CON SOLICITUD).....	14
ANEXO 3. FORMULARIO EVALUACIÓN PREVENCIÓN RIESGOS.....	17
ANEXO 4. MODELO SOLICITUD CERTIFICACIÓN FEDERATIVA.....	20

ARTIGO 1. Requisitos de participación

Participación e puntuación no ranking nas categorías 3.0 e 2+1. Para participar nas probas do calendario oficial da Liga Galega de Raid de Orientación e puntuar no seu *ranking* será obrigado ter 18 anos cumpridos ou máis. Tamén se deberá estar en posesión da correspondente licenza federativa de tempada, por un club galego.

Participación na categoría Orienta-Raid. Poderán participar tanto maiores de idade (18 anos cumpridos) coma menores que teñan (ou cumpran no **2025**) **16 ou 17 anos**, sempre debidamente autorizados (pai/nai/titor legal) e acompañados durante todas as seccións do percorrido por polo menos unha persoa maior de idade con experiencia acreditada na modalidade deportiva de orientación.

Excepcionalmente, no contexto da tecnificación de cara á futura participación na *Categoría juvenil de la Liga Española de Raids de Aventura (LERA)* da Federación Española de Orientación (FEDO), ou ben no *Campeonato de España Juvenil de Selecciones Autonómicas de Raid de Aventura (CESAR Juvenil)*, se permitirá a participación de menores que teñan (ou cumpran no **2025**) **15 anos**, que tamén han de estar debidamente autorizados (pai/nai/titor legal) e acompañados durante todas as seccións do percorrido por polo menos unha persoa maior de idade con experiencia acreditada na modalidade deportiva de orientación.

Participación de deportistas con licenza de proba. Se habilita a participación de persoas deportistas con licenza de proba (ou de día).

ARTIGO 2. Regulamentos

A Liga Galega de Raid de Orientación estará suxeita o Regulamento de Raid de Orientación da FEGADO, ás Normas Anuais de Raid de Orientación da FEGADO, ás normas particulares de cada Raid e no seu caso, para o non previsto e aplicable, ó *“Reglamento de Raid de Orientación y Aventura 2025”* da FEDO.

ARTIGO 3. Normas Anuais

Estas Normas Anuais serán de aplicación en todas as probas que integran esta Liga.

ARTIGO 4. Formato de equipo

Son competicións de equipo coas seguintes categorías:

4.1.- CATEGORÍA RAID-O 3.0, categoría oficial obrigada con formato 3+asistencia, tres compoñentes sempre en competición e unha asistencia.

No caso puntual de que a proba sexa tamén de Series Europeas (Adventure Race European Series), e para facilitar aos participantes puntuar tanto nas ARES, coma na Liga LERA e na Liga FEGADO, o formato dos equipos pódese incrementar en 4+asistencia, catro compoñentes sempre en competición e unha asistencia.

4.2.- CATEGORÍA RAID-O 2+1 categoría oficial obrigada (intermedia, aínda que podendo compartir percorrido coa categoría elite) con formato 2+1 reserva-asistencia, dous compoñentes sempre en competición e un posible reserva-asistencia, que poderá substituír ós/ás seus/súas compañeiros/as nos puntos indicados pola organización. A Xuíza ou Xuíz Controlador/a, sempre que a organización estime que é loxísticamente posible, poderá autorizar a participación dos/as 3 compoñentes ao mesmo tempo nas probas especiais.

4.3.- CATEGORÍA ORIENTA-RAID, categoría de iniciación ou promoción optativa para as organizacións das probas (percorrido moi fácil, esixencias físicas baixas/medias e esixencias técnicas mínimas), con formato 2+sen límites, con dous compoñentes mínimo e máximo 5 en competición/carreira e sen límite de compoñentes reservas-asistencias, que poderán substituír ós/ás seus/súas compañeiros/as nos puntos indicados pola organización.

Participantes. Practicantes esporádicos de actividades físicas no medio natural cunha condición física normal e coñecementos en recursos de supervivencia. Maiores de idade (18 anos cumpridos) ou menores que teñan de 15 a 17 anos (ou os cumpran no **2025**), nos termos descritos nos requisitos de participación.

Especificacións técnicas nos trazados. Os percorridos serán moi fáciles. Se evitará a progresión nocturna. Percorrido limitado a 50 km e 1.000 metros de desnivel, que poderá ser superado en distancia e/ou desnivel coa revisión e autorización expresa da Xuíza ou do Xuíz Controlador/a. É moi recomendable estudar en detalle a posibilidade de recortar ou saltar seccións para adaptar os percorridos ós/ás participantes con menor capacidade técnica e física (menores de idade, deportistas que se inician na especialidades, etc.).

Esixencias. Esixencias físicas baixas/medias e esixencias técnicas mínimas que habiliten á marcha por terreo montañoso utilizando técnicas orientación con mapa e compás.

Probas especiais. A organización pode incorporalas nas propostas de percorrido. En calquera caso, serán de nivel iniciación, sempre optativas e con persoal técnico especializado asegurando a progresión.

Validación. A Xuíza ou Xuíz Controlador/a debe validar o percorrido de orienta-raid e, de ser o caso, as probas especiais propostas pola organización. As organizacións deben de subministrarlle mapas e datos con antelación suficiente de xeito que poida revisar a dureza (distancias, desniveis, posibilidade de recortes ou saltos de sección) de cada sección e do conxunto da carreira.

Duración. Percorrido planeado para que os equipos terminen sempre de día. O tempo máximo de carreira será de seis (6) horas para os últimos equipos, a realizar nunha única xornada.

Clasificación. Unha única clasificación que non distingue xéneros.

ARTIGO 5. Compoñentes e nome de equipo

5.1.- Para favorecer a formación de equipos, e por tanto a promoción deste deporte, non haberá ningunha limitación na formación de equipos que participen en cada proba e que NON puntúen no *ranking* galego.

5.2.- Todos os equipos que participen nunha proba do calendario e pertencen a un club FEGADO puntuarán para o *RANKING GALEGO*, sempre que cumpran os requisitos recollidos no artigo 7 destas Normas. É responsabilidade das organizacións remitir o arquivo completo á persoa encargada de elaborar o *ranking* (indicado no final destas Normas), por correo-e (no formato excel oficial remitido ás organizacións), cos seguintes datos: CLASIFICACIÓNS FINAIS por CATEGORÍA, POSTO ACADADO polo EQUIPO, NOME do EQUIPO, CLUB de PERTENZA, Nº PUNTOS validados, TEMPO EMPREGADO, MIXTO (SI ou NON), COMPOÑENTES (nome e apelidos, nº licenza anual ou DNI e data de nacemento). Os equipos que non cumpran os requisitos recollidos no artigo 7 destas

Normas, segundo a información enviada polos organizadores, non sumarán a puntuación obtida en dita proba no *ranking* galego.

5.3.- Non haberá limitación no número de compoñentes que participen cun equipo que puntúe no *ranking*, pero cada persoa durante a mesma tempada, só poderá competir en diferentes equipos que puntúen para o *ranking* sempre que estes equipos pertencen ó mesmo club. Só poderase puntuar por equipos dun só club e os puntos permanecerán nese primeiro club, aínda que o/a corredor/a cambie a súa licenza a outro club.

5.4.- Cando un equipo que puntúe no *ranking* da liga modifique o seu nome, deberá informar convenientemente á persoa coa responsabilidade de elaborar o *ranking*, antes da celebración da proba na que participen cun nome diferente, para que se lle poidan sumar os resultados a un mesmo equipo con diferentes nomes.

5.5.- O nome dun equipo deberá conter o nome do club ó que se encontra ligado.

ARTIGO 6. Control de material obrigado

O material obrigado será obxecto de revisión ao longo da proba. Establécese un control de material obrigado como mínimo. A Xuíza/ o Xuíz Controlador/a da proba en consonancia coa organización determinará o mellor punto para realizalo, así como a cantidade e os ítems revisados.

ARTIGO 7. Clasificación xeral da Liga (*RANKING GALEGO*)

7.1.- Para a tempada **2025** hai inicialmente un total de **dúas (2)** probas que puntúan para o *ranking*. Para poder participar no *ranking*, os clubs e os equipos deberán cumprir os requisitos esixidos nos artigos 1 e 5.

7.2.- Existirá un *ranking* independente para as categorías 3.0 e 2+1 (o percorrido optativo de iniciación, Orienta-Raid, non terá *ranking*).

7.3.- Para as categorías 3.0 e 2+1, cada equipo sumará os puntos dos mellores resultados obtidos, tomando os correspondentes ao **70** por cen do total de probas no calendario, redondeando o decimal ao enteiro máis próximo.

Para a activación da elaboración do *ranking*, será necesario que se disputen un mínimo de dúas (2) probas. Neste caso as dúas probas sumarían os puntos para a elaboración do *ranking*. Os equipos poderán puntuar como non mixto nunha única proba descartando as demais puntuacións como non mixto. Isto se resume na seguinte táboa:

N.º probas no calendario	1	2	3	4	5	6	7	8
Máximo de probas puntuables por equipo	0	2	2	3	4	4	5	6
Mínimo de probas como mixto	0	1	1	2	3	3	4	5

7.3.- Na categoría 3.0, cada equipo poderá sumar un máximo de puntuacións. Este máximo será equivalente ó 80% das probas da Liga (axustando o enteiro por enriba, de xeito que para 3 probas, o máximo de puntuacións é de 3; para 4 probas, o máximo de puntuacións é de 4 das probas do calendario oficial da tempada, descartándose os resultados restantes de menor puntuación. Os equipos teñen que competir obrigatoriamente como equipo mixto en 3 probas de calendario (tendo que sumar para o ranking 2 resultados mixtos obrigatoriamente), obriga que se manterá sempre, aínda que se suspendan probas do calendario aprobado. Os equipos que non compitan tres veces como equipo mixto, deixarán de sumar no ranking unha ou dúas puntuacións, segundo os seus casos. Os equipos que organicen unha proba, poderán considerala como participación mixta.

7.4.- Para ter a consideración de equipo mixto, os equipos 2+1 deben ser mixtos en polo menos o 50 por cen das seccións, redondeando o enteiro máis alto.

7.4.- As mesmas disposicións aplicaranse para o ranking na categoría 2+1, tendo en conta que para ter a consideración de equipo mixto a estes efectos, o equipo debe ser mixto en polo menos o 50 por cen das seccións, redondeando o enteiro máis alto, no seu caso.

7.5.- En caso de anulación dalgunha proba, esta considerarase fora do calendario oficial da tempada, axustando o número de probas puntuables de acordo co artigo 7.3.

7.5.- En caso de anulación dalgunha proba, esta considerarase fora do calendario oficial da tempada, axustando o número de probas puntuables ó 80 % (axustando o enteiro por enriba) do calendario resultante. Así e todo en caso de anulación de probas, e sempre disputando máis das dúas (2) probas que establecen o mínimo para activar a elaboración do ranking, mantense a obriga de puntuar no ranking polo menos como equipo mixto dúas veces, e participar como mixto en tres probas. Neste caso as dúas probas sumarían os puntos para a elaboración do ranking, non sendo de aplicación a norma de 80 por cento do total de probas.

7.6.- Poderase sumar un resultado como organizador/a de proba, aplicándose un factor de corrección, ó final da liga, que consistirá en asignar coma puntuación para a proba organizada un total igual á media, do 40% do total de probas da Liga, das súas mellores puntuacións (se ten so o 40% ou menos probas realizadas, será a media de todas; se ten máis do 40%, será a media das mellores. Esta media acadarase aplicando ás súas mellores clasificacións os puntos indicados na norma 8.4 para os equipos organizadores de probas de 1 día de duración, e os puntos indicados na norma 8.5 para os equipos organizadores de probas de 2 días de duración (tomando como referencia os puntos asignados á posición resultante das tres mellores). Cada organización informará o encargado do ranking, previamente a celebración da proba, que equipos (co nome dos compoñentes) puntuarán para o ranking como organización, sen un máximo deles.

7.7.- Poderase aplicar o mesmo factor de corrección a ó equipo do que forme parte a Xuíza ou Xuíz Controlador/a, coa diferenza de que se poderán sumar ata dúas probas con factor. A Xuíza ou Xuíz Controlador/a informará ao encargado do ranking, previamente a celebración da proba, que equipo puntuará para o ranking con factor de corrección. Se non houbera tal notificación, tras a finalización da última proba do calendario e antes da publicación do ranking final a Xuíza ou Xuíz Controlador/a

poderá indicar á persoa encargada do *ranking* que equipo puntuará con factor de corrección, sempre e cando a Xuíza ou Xuíz formara parte do equipo en polo menos o 40 por cento do total de probas da Liga.

7.8.- Os equipos que organicen unha proba, poderán considerala como participación mixta.

7.9.- En caso de empate a puntos no *ranking*, terase en conta o número de postos acadados polo equipo como 1º, 2º, 3º..., etc., nas diferentes probas do calendario, ata desfacer a igualada.

ARTIGO 8. Clasificacións parciais nas probas e cómputo do *ranking*

8.1.- Nas clasificacións parciais de cada proba, por norma xeral cada PC validado terá o valor de 1 punto (caso contrario deberá ser informado nos boletíns da proba e quedar ben especificado no libro de ruta) e os equipos se clasificarán por categorías, tendo en conta 1º o número de puntos obtidos segundo PC validados, e 2º o tempo real invertido co desconto das bonificacións e neutralizacións, caso de que as houberse.

8.2.- (Sen contido).

8.3.- (Sen contido).

8.4.- En probas de tipo **Sprint**, para o computo do ranking galego, en cada categoría, o equipo que participe obterá un número de puntos en base a súa posición na clasificación xeral (reordenada de acordo co disposto no apartado 2 deste artigo), segundo este criterio:

1º	90 puntos	6º	75 puntos
2º	85 puntos	7º	74 puntos
3º	81 puntos	8º	73 puntos
4º	78 puntos	9º	72 puntos
5º	76 puntos	... diminuindo un punto ata o último clasificado.	
Desc.	0 puntos		

~~8.4.- En probas de 1 día de duración, para o computo do *ranking* galego, en cada categoría, o equipo que participe obterá un número de puntos en base a súa posición na clasificación xeral (reordenada de acordo co disposto no apartado 2 deste artigo), segundo este criterio:~~

~~RAID SPRINT (non supera as 10 horas)~~

1º	90 puntos	6º	75 puntos
2º	85 puntos	7º	74 puntos
3º	81 puntos	8º	73 puntos
4º	78 puntos	9º	72 puntos
5º	76 puntos	... diminuindo un punto ata o último clasificado.	
	Desc.*		0 puntos

RAID RACE (entre as 20 e as 30 horas)

1º	110 puntos	6º	95 puntos
2º	105 puntos	7º	94 puntos
3º	101 puntos	8º	93 puntos
4º	98 puntos	9º	92 puntos
5º	96 puntos	... diminuindo un punto ata o último equipo clasificado.	
-----		Desc.	0 puntos

8.5.- En probas de tipo **Race**, para o computo do ranking galego, en cada categoría, o equipo que participe obterá un número de puntos en base a súa posición na clasificación xeral (reordenada de acordo co disposto no apartado 2 deste artigo), segundo este criterio:

1º	132 puntos	6º	117 puntos
2º	127 puntos	7º	116 puntos
3º	123 puntos	8º	115 puntos
4º	120 puntos	9º	114 puntos
5º	118 puntos	... diminuindo un punto ata o último equipo clasificado.	
Desc.	0 puntos		

~~8.5.- En probas de 2 días de duración, para o computo do *ranking* galego, en cada categoría, o equipo que participe obterá un número de puntos en base a súa posición na clasificación xeral (reordenada de acordo co disposto no apartado 2 deste artigo), segundo este criterio:~~

1º	132 puntos	6º	117 puntos
2º	127 puntos	7º	116 puntos
3º	123 puntos	8º	115 puntos
4º	120 puntos	9º	114 puntos
5º	118 puntos	... diminuindo un punto ata o último equipo clasificado.	
-----		Desc.	0 puntos

ARTIGO 9. Xurado Técnico

(Sen contido)

ARTIGO 10. Organizadores

A organización da Liga Galega de Raid de Orientación estará a cargo da Federación Galega de Orientación (FEGADO). As competicións oficiais federadas serán organizadas pola Federación de forma directa ou mediante adxudicación a calquera entidade deportiva ou persoa física ou xurídica.

ARTIGO 11. Inscripción

A correcta formalización da inscrición será responsabilidade de cada equipo, segundo o seguinte protocolo:

- Cubrir o formulario de inscrición.
- Formalizar o pago.
- Enviar formulario de inscrición e xustificante de pago, á organización do evento.
- **Peche da inscrición**: ata o **martes** anterior a celebrar o evento as **22:00 h.**
- **Publicación** listado **inscritos** por parte da organización: antes do **mércores** anterior a celebración do evento, nunca máis tarde das **22:00 h.**
- **Comprobación** por parte do equipo de aparecer correctamente no listado de inscritos.
- Prazo para **corrección** ou reclamacións: ata o **xoves** anterior a celebrar o evento as **22:00 h.**
- Formalización definitiva o día da recepción do evento. O equipo que incumpra estes pasos e o día da recepción non estea correctamente inscrito, quedara excluído do evento.

ARTIGO 12. Custo en probas dun día

Publicado no documento único COTAS e ACORDOS FEGADO para a TEMPADA 2025

ARTIGO 13. Custo en probas de dous días

Publicado no documento único COTAS e ACORDOS FEGADO para a TEMPADA 2025

ARTIGO 14. Campionato Xunta de Galicia (antigo Campionato Galego)

Unha das probas que conforman a Liga Galega de Raid de Orientación será designada Campionato Xunta de Galicia (antigo Campionato Galego), e o equipo gañador será nomeado Campión Galego de Raid de Orientación.

ARTIGO 15. Campión Galego

Para poder ser proclamado Campión Galego, nas categorías 3.0 e 2+1 é necesario que o equipo compita en formato mixto, que todos/as os/as compoñentes teñan a licenza federativa anual cun club FEGADO e corran para un club que se encontre dado de alta na FEGADO.

ARTIGO 16. Suspensión de probas

A Xuíza/ o Xuíz Controlador/a dispón de total autoridade para suspender total ou parcialmente a realización dunha proba antes de celebrarse ou nos días anteriores á mesma, sempre que concorran circunstancias que poidan poñer en perigo a axeitada celebración da mesma ou a seguridade dos competidores/as, organizadores/as, xuíces ou xuízas e espectadores.

O ideal é que unha Organización actúe de xeito responsable e comunique á Xuíza/ ó Xuíz Controlador/a a solicitude de suspensión. De non ser así, a Xuíza/ o Xuíz Controlador/a, tras consultar coa organización e coa FEGADO, poderá decretar a suspensión total ou parcial da proba por '*motu proprio*'.

Disposición adicional primeira

Establécese o principio de obrigatoriedade do uso do sistema SPORTident.

Disposición adicional segunda. Ranking Galego 2025

Para a elaboración do *ranking* 2025 as organizacións deberán enviar o formulario oficial ó correo-e: isa.diz@gmail.com.

O correo-e raid@fegado.es será o canle de comunicacións oficiais entre FEGADO e as organizacións ou equipos participantes na Liga para calquera dúbida, proposta, comunicación ou reclamación.

ANEXO 1. MARCO NORMATIVO SOBRE AUTORIZACIONES

Siempre sobre la base de que el organizador debe contar con el permiso/autorización del titular o dueño, público o privado, del lugar o lugares de desarrollo de cualquiera de nuestras competiciones de orientación, cabría distinguir fundamentalmente las siguientes hipótesis, en relación con espacios sujetos a legislación especial:

I. SI LA PRUEBA EXIGE «COMPETIR EN ESPACIO O TIEMPO» POR «VÍAS Y TERRENOS PÚBLICOS APTOS PARA LA CIRCULACIÓN», SUJETOS A LA «LEGISLACIÓN SOBRE TRÁFICO», ENTONCES PUEDE SUCEDER:

a) Que la prueba se celebre íntegramente en casco urbano, en cuyo caso:

- Hay que recabar la autorización del Ayuntamiento en cuestión, solicitada con 30 días de antelación, de acuerdo con lo que dispone el Anexo II del Reglamento General de Circulación, aprobado por Decreto 1428/2003, de 21 noviembre.
- La solicitud debe acompañarse del «permiso de organización expedido por la federación» y de una «memoria de la prueba».
- A su vez, esta «memoria de la prueba» debe incluir el contenido a que se refiere el propio Anexo II [más en concreto, su artículo 2, apartado 3, apartado b)].

b) Que la prueba se celebre fuera de casco urbano, utilizando vías y terrenos públicos aptos para la circulación, o que se desarrolle en más de un término municipal, íntegramente situados dentro de nuestra comunidad autónoma, en cuyo caso:

- Hay que recabar la autorización de la Administración autonómica, solicitada con 30 días de antelación, de acuerdo con lo que dispone el Anexo II del Reglamento General de Circulación, aprobado por Decreto 1428/2003, de 21 noviembre y siguiendo las disposiciones del Decreto 98/2020 del 2 de julio, por el que se regula el procedimiento de autorización de celebración de espectáculos públicos y actividades recreativas que se desarrollen en más de un término municipal de la Comunidad Autónoma de Galicia.

Decreto 98/2020 [\[consultar\]](#)

Formulario de solicitud [\[descargar\]](#)

- Como en el caso de la letra a), la solicitud debe acompañarse del «permiso de organización expedido por la federación» y de una «memoria de la prueba».
- Igualmente, esta «memoria de la prueba» debe incluir el contenido a que se refiere el propio Anexo II [más en concreto, su artículo 2, apartado 3, apartado b)].

II. SI LA PRUEBA EXIGE COMPETIR, TOTAL O PARCIALMENTE, EN «ZONAS DE ESPECIAL CONSERVACIÓN», TAL COMO DELIMITADAS EN EL DECRETO AUTÓNOMICO DE GALICIA 37/2014, DE 27 MARZO, ENTONCES:

- Además de lo indicado en el apartado I, debe recabarse la autorización del órgano competente en materia de conservación de la naturaleza.
- Las «zonas de especial conservación» aparecen delimitadas en el Anexo I del citado Decreto

37/2014.

- La autorización aparece exigida por el artículo 61 (en conexión con el artículo 26) del Anexo II del propio Decreto 37/2014, y más en concreto la letra f) de su apartado 3, teniendo en cuenta que la Administración autonómica dispone de un plazo máximo de tres meses para resolver.

III. SI LA PRUEBA EXIGE COMPETIR, TOTAL O PARCIALMENTE, EN MONTES O TERRENOS FORESTALES (TAL COMO DEFINIDOS EN LA LEY AUTONÓMICA 7/2012, DE 28 JUNIO, DE MONTES DE GALICIA, además del impacto que pueda tener la LEY AUTONÓMICA 10/2023, DE 28 DE DICIEMBRE DE MEDIDAS FISCALES Y ADMINISTRATIVAS SOBRE DICHA LEY 7/2012), ENTONCES:

a) Sobre la base del concepto de «monte o terreno forestal» (contenido en el artículo 2 de la Ley 7/2012), debe recabarse «la autorización de la Administración forestal», teniendo en cuenta que previamente habrá que contar con la «autorización expresa del titular» (artículo 88, apartado 2, párrafo primero, de la Ley).

b) La solicitud de la autorización administrativa está sujeta a plazo, pues debe presentar con un anticipo «mínimo de tres meses» a la celebración de la prueba (artículo 88, apartado 2, párrafo segundo, de la Ley).

c) Deben tenerse en cuenta, además, las previsiones contra incendios, contenidas en la Ley autonómica 3/2007, de 9 abril, de prevención y defensa contra los incendios forestales, y más en concreto, las de sus artículos 31 y 32 [en especial, su apartado 1, letra i)], a cuyo tenor:

- Tanto en «época de peligro alto de incendios forestales», como «fuera de la época de peligro alto», si el «riesgo diario de incendio forestal es muy alto o extremo» (según el «Índice de Riesgo Diario de Incendio», en http://mediorural.xunta.gal/nc/areas/forestal/incendios_forestais/irdi/), es necesario autorización expresa de la propia Administración forestal.
- Tal autorización se suma a la referida en la letra b), inmediatamente anterior.
- En cuanto al plazo para recabar la autorización, dado que la clave es el «IRDI» (de carácter «diario»), no queda más remedio que estar permanentemente alerta.

IV. SI LA PRUEBA EXIGE LA NAVEGACIÓN EN «AGUAS MARÍTIMAS» (Y EN AGUAS DE PUERTOS), ENTONCES:

a) Ante todo, hay que estar a la definición legal de «aguas marítimas» (contenida en el Reglamento de las condiciones de seguridad marítima, de la navegación y de la vida humana en la mar aplicables a las concentraciones náuticas de carácter conmemorativo y pruebas náutico-deportivas, aprobado por Real Decreto 62/2008, de 25 enero), teniendo en cuenta que dicha definición incluye:

- «las aguas de las desembocaduras de los ríos».
- las aguas de los ríos «hasta donde se hagan sensibles los efectos de las mareas».
- «los tramos navegables de los ríos hasta donde existan puertos de interés general»

b) En relación con las pruebas desarrolladas, total o parcialmente, en tales «aguas marítimas», debe practicarse solicitud de autorización ante la capitanía marítima competente, al menos con treinta días de antelación, cumpliendo los requisitos a que se refiere el artículo 11 del citado Real Decreto 62/2008.

c) Esta autorización no exime de la obtención de otras posibles autorizaciones necesarias, pues el propio Real Decreto 62/2008 (ahora, su artículo 7, apartado 6) obliga a «solicitar y obtener las autorizaciones adicionales de otras instituciones o de las administraciones públicas que fueran precisas para la celebración del evento».

d) A tal efecto, el artículo 15 del mismo Real Decreto 62/2008 alude expresamente a un caso de autorización adicional, que es la que debe recabarse de la «autoridad portuaria competente» (cuando «la prueba se ha de celebrar en aguas de la zona de servicio de un puerto»), teniendo en cuenta que esta autorización es previa a la de la capitanía marítima (pues «la entidad organizadora adjuntará a su solicitud ante la capitanía marítima la autorización [de la autoridad portuaria]»), lo que obliga a manejar con prudencia los plazos, pues la autoridad portuaria tiene dispone de hasta tres meses para pronunciarse sobre la solicitud.

e) Lógicamente, habrá que recabarse también —en su caso— la autorización a que se refiere el apartado siguiente.

V. SI LA PRUEBA EXIGE LA UTILIZACIÓN DEL DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO (SEÑALADAMENTE, NAVEGACIÓN FLUVIAL, EN EMBALSES O PANTANOS), ENTONCES:

a) Debe recabarse el visto bueno del organismo competente en la materia de dominio público hidráulico, que puede ser alguno de los dos siguientes, en función del lugar de que se trate.

b) De un lado, la Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa (<http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>), en cuyo caso bastará en principio con presentar una declaración responsable de la competición que se pretende llevar a cabo, con quince días de antelación, ante la entidad pública Augas de Galicia, teniendo en cuenta que ésta pone un modelo de declaración responsable a disposición del interesado [[descargar modelo Declaración Responsable](#)].

— Según el artículo 85, letra i), de la Ley autonómica 9/2010, de 4 noviembre, de aguas de Galicia, constituye infracción leve de la misma (sancionable con multa, en principio, de hasta 5.000,00 €) «la no presentación de declaración responsable para la navegación en aguas de competencia de la Administración hidráulica de Galicia».

c) De otro lado, la Confederación Hidrográfica Miño-Sil (<https://www.chminosil.es/es/>), ante quien debe practicarse la correspondiente declaración responsable, de conformidad con el artículo 51 del texto refundido de la Ley de aguas, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 julio

— El organismo rector pone los impresos correspondientes a disposición del interesado (<https://www.chminosil.es/images/impresos/Declaracion-responsable-MinoSil-2018.pdf>).

ANEXO 2. MODELO MEMORIA PRUEBA (A ADJUNTAR CON SOLICITUD)

1º.- Nombre de la actividad y reglamento de la prueba:

Primera carrera de la XXIX Liga Gallega de Carreras de Orientación (temporada 2020) de la Federación Gallega de Orientación, a denominarse —en su caso— «...».

Resulta de aplicación la normativa vigente para este tipo de pruebas de orientación a pie, aprobada por la Federación Gallega de Orientación (*conviene adjuntarlo, como **Anexo I***).

2º.- Croquis preciso del recorrido, fecha de celebración e itinerario:

La prueba se celebrará la mañana del sábado ... de ... de ..., en horario aproximado de ... a ... horas. Se trata de una carrera de orientación, en su especialidad de orientación a pie, en la que el recorrido es secreto para los participantes, que sólo conocen dicho recorrido cuando se les entrega un mapa en el momento de la salida. Se trata, además, de una carrera de carácter individual, y con salida de cada participante en modalidad «contrarreloj» (esto es, la salida no se realiza en masa para todos los participantes a la vez, sino que cada uno tiene su propia hora de salida, produciéndose cada salida con intervalos de uno o dos minutos), de manera que cada participante progresa en solitario con su propio mapa.

Se adjunta un **Anexo II con el mapa a utilizar para la competición** (realizado, por cartógrafos titulados, de acuerdo con las normas cartográficas internacionales relativas a mapas de carreras de orientación), con los diversos itinerarios previstos (se trata, más en concreto, de siete mapas —siempre de la misma zona, en escalas 1:5.000 y 1:10.000—, a razón de uno por cada categoría en que se adscribe a los participantes, según su nivel físico y técnico).

3º.- Identificación de los responsables de la organización:

D./Dña. ..., como coordinador del equipo de organización; D./Dña. ..., como trazador de los recorridos; D./Dña. ..., como colocadores de puntos de control de paso de los participantes; D./Dña. ..., como técnico titulado del sistema «SPORTident» de cronometraje de los participantes.

4º.- Número aproximado de participantes previstos:

Se espera una participación de en torno a unos trescientos deportistas-orientadores. El plazo para la inscripción se cierra el martes ... de Se trata de deportistas-orientadores pertenecientes a todos los rangos de edad, de infantiles a veteranos, todos ellos provistos con la correspondiente licencia federativa (bien «de temporada», bien «de día»).

5º.- Proposición de medidas de señalización de la prueba y del resto de los dispositivos de seguridad previstos en los posibles lugares peligrosos:

Ante todo, se procedió a efectuar una **evaluación inicial de los riesgos** eventualmente existentes en el área de competición **por el equipo de seguridad** coordinado por el responsable de la organización (en **Anexo III**, consta el documento con la evaluación de riesgos). Esta evaluación iba dirigida fundamentalmente a la **identificación de posibles lugares peligrosos** en los recorridos de

competición previstos por el trazador de tales recorridos. Como lugar de potencial peligro se identificó **una única carretera** asfaltada (tal como aparecen en el mapa adjunto en el Anexo), a pesar de tratarse de carretera que carece de denominación específica en el mapa de carreteras accesible a través del portal en Internet de la Dirección General de Tráfico, y de **que soporta un nivel muy bajo de circulación —prácticamente inexistente— de vehículos** (en especial, en sábado y en las horas en las que está prevista la competición).

A la vista de los resultados de la evaluación inicial, se procedió a dar **instrucciones precisas al trazador de los recorridos**, con el objeto de que proyectase recorridos **que evitasen en lo posible el paso de los participantes por la carretera citada**. En ejecución de dichas instrucciones, **ninguno de los siete recorridos trazados (según nivel físico y técnico de los participantes) exige que los corredores circulen a lo largo de la carretera identificada**. Además, sólo cuatro de dichos siete recorridos (reservados a los participantes de mayor destreza y experiencia física y técnica en carreras de orientación) obligan a cruzar la mencionada carretera, haciéndolo sólo por tres lugares muy precisos (todos ellos de amplia visibilidad y claramente señalizados y reconocibles para los participantes y, en su caso, para terceros).

Por último, el equipo de seguridad efectuó una **evaluación definitiva de riesgos**, que se realizó sobre los recorridos propuestos por el trazador. En ella, se consideró prudente **apostar personal auxiliar habilitado** —provisto con la adecuada vestimenta identificativa— en los tres lugares (indicados en el párrafo anterior) por los que los corredores deben cruzar la carretera señalada, **con la finalidad de reforzar aún más la seguridad de los participantes** (dando instrucciones precisas por escrito relativas a su cometido, que en ningún caso implica intervenir en la regulación del tráfico). Además, en **Anexo IV** constan medidas de prevención y de seguridad dirigidas a los deportistas participantes, que se comunicarán a los clubs en boletín informativo vía Internet y, además, que se colocarán en lugar visible en la zona de competición.

6º.- Justificante de la contratación de los seguros de responsabilidad civil y de accidentes:

a) En principio, todos los participantes deben estar en posesión de la correspondiente licencia federativa anual individual, expedida por la Federación Española de Orientación, que incluye al titular de esta en la correspondiente póliza de accidentes deportivos.

b) Los participantes carentes de dicha licencia anual están obligados, como condición de inscripción, a abonar una cuota dirigida a la obtención de una licencia de prueba, con la misma cobertura aseguradora que la licencia anual.

c) En cuanto a la responsabilidad civil, la prueba —dado su carácter oficial— cuenta con la cobertura aseguradora contratada por la Federación Española de Orientación, a la que se puede acceder a través del portal en Internet de la propia Federación, ubicado en www.fedo.org.

7º.- Otros extremos especialmente relevantes:

La organización ha acordado adoptar también las siguientes medidas, especialmente desde el punto de vista medioambiental:

- Ceñir los recorridos de los participantes lo más estrictamente posible a la red de vías públicas, evitando utilizar en todo caso espacios en los que se pueda provocar algún tipo de efecto pernicioso sobre el medio.
- Evitar pasar por zonas inundables y atravesar lechos de ríos o regatos.
- No instalar tipo alguno de infraestructura en zonas en las que exista vegetación.
- No realizar marcas ni señales identificativas de la prueba sobre soportes agresivos con la vegetación.
- Proceder a la retirada de todo tipo de señalizaciones instaladas, así como a la eliminación de todos los residuos eventualmente generados, finalizada la competición, volviendo la zona a su estado anterior a la realización de esta.

ANEXO 3. FORMULARIO EVALUACIÓN PREVENCIÓN RIESGOS

EVALUACIÓN DE RIESGOS (A EFECTOS, EN ESPECIAL, DEL PUNTO 5º DE LA MEMORIA DE LA PRUEBA)

Evaluación de Riesgos para Carrera de Orientación a Pie
 1ª Prueba XXI Liga Gallega de Carreras de Orientación a Pie, 25 febrero 2012

Objeto de la Evaluación de Riesgos

El objeto de esta evaluación de riesgos es examinar todos los aspectos de la organización y planificación de la prueba, los peligros potenciales, las personas que podrían resultar afectadas, los procedimientos ya existentes y aquéllos que es necesario utilizar para minimizar los riesgos. Cubre áreas que el organizador, el trazador y —en su caso— el controlador deberían considerar, de manera que no suponga una gran carga de trabajo adicional. Se pretende asegurar que todos los aspectos relevantes se consideren de una forma sistemática, para que no se olvide nada de ello.

Nombre de la prueba:	1ª PRUEBA XXI LIGA GALLEGA DE CARRERAS DE ORIENTACIÓN A PIE	Fecha de la prueba:	25 FEBRERO 2012
Lugar de la prueba:	FREÁN-CANZOBRE (ARTEIXO-A CORUÑA)	Número esperado de participantes:	350 FEDERADOS
Evaluación efectuada por:	ORGANIZADOR	Evaluación revisada por:	ORGANIZADOR
Fecha: 17-12-2011	Firma	Fecha: 14-01-2012	Firma

Organización de la prueba y datos de contacto

	Nombre	Número de contacto
Organizador	Club APA Liceo	670235123
Cobertura de primeros auxilios	Protección Civil Arteixo	981641414
Servicio local de urgencias	Asistencia del seguro deportivo – Hospital San Rafael (A Coruña)	

Definiciones

Peligro

Estado o condición de inseguridad, con el potencial de ocasionar daños a los participantes o a terceros.

Evaluación de riesgos

Medida de la posibilidad de que un peligro en particular cause daño y de la gravedad del daño causado. No es suficiente con realizar una evaluación e identificar peligros de alto riesgo (si los hubiera); deben llevarse a cabo las acciones para reducir el riesgo de tales peligros a un nivel aceptable.

Pasos para completar la evaluación de riesgos

La evaluación de riesgos deberá ser cubierta por el organizador, consultando con otro personal autorizado de la prueba. El controlador, en su caso, deberá revisarla. El organizador deberá guardar una copia de la evaluación de riesgos, que tendrá disponible en la prueba. Se entregará una copia a todo el personal autorizado con tareas de responsabilidad asignadas.

1.- Examinar los peligros

Examinar la lista de peligros en la evaluación de riesgos y decidir el nivel de riesgo que dichos peligros plantean. Marcar aquéllos que concurren en la prueba. Pensar en qué otros peligros específicos puedan surgir en circunstancias particulares, y añadir detalles de ellos donde corresponda.

2.- Decidir qué medidas se van a utilizar para mitigar los peligros identificados

¿Qué precauciones se van a poner en marcha o ya se han puesto en marcha para mitigar los riesgos de los peligros identificados? Ejemplos de buenas prácticas se detallan en la tabla principal, y se deberían marcar aquéllas que vayan a utilizar. Se debería añadir cualquier otro ítem que se vaya a utilizar específicamente en la prueba. Hay que dar prioridad a aquellos riesgos que afecten a gran número de personas y/o puedan resultar en daños graves. Hay que considerar el impacto de la edad de los participantes en los riesgos identificados. ¿Es posible:

- Eliminar completamente el riesgo completamente (¿salvo los eventuales peligros inherentes a la orientación?
- Buscar una opción con menos riesgo? Por ejemplo, trazar alrededor de la zona.
- Evitar el acceso a un peligro (mediante vigilancia)?
- Organizar las cosas para reducir la exposición al peligro?

3.- Asignar responsabilidades

La responsabilidad sobre cada una de las acciones identificadas debe ser asignada a una persona en concreto.

Medidas genéricas para reducir riesgos / tratar heridos

La siguiente lista es de medidas genéricas de prevención en materia de seguridad/asistencia médica, que podrían aplicarse a cualquiera de los peligros identificados. La gravedad del riesgo y el número de participantes en la prueba determinarán el nivel de cobertura requerido.

Heridas y enfermedades

Botiquín básico organización. Protección Civil de Arteixo. Hospital San Rafael (A Coruña).

Participantes perdidos

Medidas preventivas: recuento de tarjetas, comprobación del sistema electrónico, repaso de la lista de salidas, organización de búsqueda con personal específico, lista de teléfonos de contacto del personal autorizado principal.

ANEXO 4. MODELO SOLICITUD CERTIFICACIÓN FEDERATIVA

Alberto Arufe Varela, en representación del Club de Orientación Liceo de A Coruña,

EXPONE:

- 1.-Que el citado club solicitó la inclusión en el calendario oficial de la Federación Gallega de Orientación de una prueba organizada por el mismo, para formar parte de la XXVIII Liga Gallega de Orientación a Pie 2019.
- 2.-Que la Federación Gallega de Orientación, en la reunión de su Asamblea General de 22 diciembre 2019, aprobó la inclusión de dicha prueba en su calendario oficial, y la adjudicación de la organización al club solicitante de dicha prueba, a celebrarse en lugar y día indicados a continuación.
- 3.-Que la prueba en cuestión tendrá lugar en el área cartografiada del Barrio de las Flores de A Coruña, en la mañana del día 16 febrero, en horario aproximado de 10:00 a 14:00 horas, con la denominación V Memorial Pachi Arufe.

DECLARA:

- 1.-Que el club organizador ajusta la prueba a la reglamentación deportiva vigente en el seno de la Federación Gallega de Orientación.
- 2.-Que el club organizador conoce sus obligaciones relativas a las autorizaciones sobre dominio privado, así como las concernientes a las autorizaciones administrativas pertinentes, en especial las derivadas (en lo que resulte aplicable) de la legislación vigente sobre tráfico, sobre zonas de especial conservación, sobre montes o terrenos forestales, sobre pruebas náutico-deportivas en aguas marítimas y sobre dominio público hidráulico.
- 3.-Que el club organizador conoce que forma parte de sus obligaciones realizar todos los trámites conducentes a la obtención de las autorizaciones en cuestión-para asegurarse de que la competición se pueda celebrar con garantías, con la cobertura federativa, informando puntualmente al respecto a la Federación.

SOLICITA:

Que se expida certificación federativa de adjudicación de organización de prueba oficial, en relación con la arriba identificada, haciendo constar que la misma se encuentra incluida en el calendario oficial de la Federación, en especial a los efectos de continuar la tramitación de otras autorizaciones pertinentes, de conformidad con la legislación vigente.

A Coruña, a 30 de noviembre de 2018 Fdo.: Alberto Arufe Varela